



ESTE XOVES

O Colexio Oficial de Psicoloxía organiza en Santiago un encontro sobre o acoso escolar

27.04.2016 Persoas expertas analizarán a problemática do "bullying" e recursos para abordalo

COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXIA

Un de cada dez adolescentes asegura ter sufrido acoso escolar, segundo un informe publicado nestes días por Save the Children que cartografía a situación do "bullying" a nivel estatal. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia quere reflexionar sobre esta grave problemática a través dun conversatorio que organiza mañá xoves ás 19 horas na sede de Afundación de Santiago de Compostela. No encontro, de asistencia libre, tratarase esta cuestión desde múltiples perspectivas con persoas relevantes no ámbito.

Intervirán Olegaria Mosqueda Bueno, psicóloga educativa e membro da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG; José Fernando Carrasco Mera, inspector de Educación non Universitario; xunto con Helena Gómez Vecino, presidenta da Confederación Galega de Anpas de Centros Públicos de Galicia. A moderadora da conversa será a decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M^a Rosa Álvarez Prada.

O acoso escolar é unha forma de violencia moi grave cunha maior incidencia na adolescencia, segundo o estudo da Fundación ANAR (Axuda a nenos e adolescentes en risco), e cunhas repercusións moi negativas tanto para a vítima como para quen agride. É un dos principais retos que ten por diante a psicoloxía educativa e o sistema de ensino no seu conxunto. Cómpre reflexionar sobre como previlo, detectalo e intervir; como traballar en conxunto a comunidade educativa e as familias, e este é obxectivo primordial da xornada de mañá.